**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
4.873,00 euros	2%	<b>97,46 euros</b>

**TERCEIRO.-** Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

## **3. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

### **3.1) INICIO DE PROCEDIMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

#### **“ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** En data 28/03/2017 (r.e. 1.857) D. M\*\* denunciou que sobre a parcela catastral 001402300MH91H0001WM se construíra fai menos de 6 anos un galpón, presumiblemente sen dispor de título habilitante e que, ademais, podería estar invadindo o espazo público.

O 26/10/2017 preséntase escrito de reiteración da denuncia, achegando fotografías do estado da construción.

**Segundo.-** Os servizos técnicos municipais emitiron informe o 30/10/2017 indicando, en síntese:

- Na parcela con referencia catastral 001402300MH91H0001WM hai construído un alpendre duns 49 m2 de superficie que, segundo parece, estaría aberto por unha das súas fachadas.



- Sen prexuízo de verificacións posteriores, segundo a cartografía catastral e a ortofoto PNOA, semella que parte do galpón estaría situado fóra da parcela.
- A construción non figura nas ortofotos do PNOA 2010-2011, pero si na do 2014; no visor de fotografías históricas do Google Earth do ano 2012, non aparece a construción, pero si no do ano 2013.
- Nos arquivos municipais non consta, salvo erro ou omisión involuntaria, que a construción denunciada obtivese título habilitante.
- A clasificación dos terreos onde se implanta a construción é de **solo de núcleo rural común de grao 2**, e ademais está afectado pola protección de patrimonio do elemento catalogado A\_106 "Cemiterio Evanxélico". Segundo a ordenanza de tramitación de licenzas do Concello, por tratarse dunha edificación auxiliar de máis de 30m<sup>2</sup>, o título habilitante sería o de licenza.
- A construción debería ter respectado o recuado mínimo de 3m a lindeiros que establece a ordenanza de solo de núcleo rural común, polo que as obras non serían legalizables.
- Segundo as fotografías aéreas expostas, parece que a construción se levou a cabo entre o ano 2012 e 2013, polo que non terían transcorridos seis anos.
- Para as obras terminadas sen título habilitante, estarase ao disposto no artigo 153 da LSG, que dispón: de estaren rematadas as obras sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, ou incumprindo as condicións sinaladas nelas, a persoa titular da alcaldía, dentro do prazo de seis anos, contados desde a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto no artigo anterior. Tomarase como data de terminación das obras a que resulte da súa efectiva comprobación pola administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito.
- Con respecto ao alpendre que existe ao norleste da parcela, segundo o PXOM, está sobre terreos destinados a viario, non obstante parece, segundo as ortofotos aéreas, que tería unha antigüidade superior a seis anos.

**Terceiro.-** O 09/08/2018 (r.e. 4.811) preséntase novo escrito de denuncia sobre a construción antes referida, con achega de informe pericial dun enxeñeiro técnico agrícola no que se indican varios erros do Catastro sobre a finca propiedade do denunciante.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** Os feitos descritos supoñen o incumprimento do preceptuado no artigo 142 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), que esixe a obtención de licenza urbanística municipal ou a presentación de comunicación previa para a realización dos actos de edificación e uso do solo e do subsolo.

**Segundo.-** O art. 153.1 LSG establece que *"se estivesen acabadas as obras sen licenza, comunicación previa ou orde de execución, ou incumprindo as condicións sinaladas nas mesmas, a persoa titular da Alcaldía, dentro do prazo de seis anos, a contar desde a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto no artigo anterior."*

Pola súa parte, o art. 379 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG), respecto da tramitación do procedemento de reposición da legalidade urbanística, dispón que *"o acordo de iniciación deberá notificarse ás*



*persoas interesadas, que disporán dun prazo de quince días hábiles para formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes”.*

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Iniciar un procedemento de reposición da legalidade urbanística pola execución das obras de construción dun galpón sen dispor de título habilitante de natureza urbanística no lugar de Carballosa, s/n – San Pedro de Muro na parcela coa referencia catastral 001402300MH91H0001WM, sendo promotor D. Cipriano Francisco Rego Sampedro.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo ao interesado e outorgarlles un prazo de quince días hábiles para que poida realizar as alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen convenientes ao seu dereito e, no seu caso, propoñer a práctica de proba concretando os medios de que pretendan valerse.”

### **3.2) RESOLUCIÓN DE PROCEDIMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local acordou o 21/05/2018 declarar a caducidade do expediente de reposición da legalidade urbanístico iniciado o 23/03/2014 a D. C\*\* pola execución das obras rematadas sen licenza consistentes na construción dunha explanada de cemento e instalación duns bordos de cemento nunha parcela situada no lugar de O Campo, 74 – Queiruga (referencia catastral 8153312MH9285S0001SG).

Non tendo prescrito o prazo de 6 anos establecido polo art. 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia para o exercicio da potestade de reposición da legalidade urbanística, a Xunta de Goberno Local acordou tamén en data 21/05/2018 iniciar un novo procedemento de reposición de legalidade. Ese mesmo acordo declarou a conservación dos actos e trámites realizados no procedemento de reposición da legalidade urbanística que se declaraba caducado, sinaladamente os informes emitidos polos servizos municipais.

**Segundo.-** O acordo de inicio do procedemento notificóuselle ao interesado o 05/06/2018 quen, durante o prazo de 15 días hábiles establecidos non presentou alegacións.

**Terceiro.-** En data 11/07/2018 a Xunta de Goberno Local outorgoulle ao interesado trámite de audiencia para que, durante un prazo de 15 días hábiles, puidese formular as alegacións e presentar os documentos que considerase pertinentes ao seu dereito.

O anterior acordo foi notificado o 03/08/2018 sen que durante o prazo outorgado se formulase alegación ningunha.

**Cuarto.-** A Secretaría municipal emitiu informe o 24/08/2018 facendo constar, en síntese:

- O terreo no que se executaron as obras está clasificado como “solo de núcleo rural de tipo básico común de grao 2”.



- As obras correspondentes á soleira de formigón, de acordo co indicado no informe técnico do 14/05/2018, serían legalizables. Para iso, o interesado deberá presentar a correspondente comunicación previa.
- As obras de colocación dun bordo de formigón no espazo de titularidade municipal destinado á ampliación de viario non son legalizables.
- A resolución do procedemento de reposición da legalidade urbanística, conforme ao previsto no art. 152.3 LSG:
  - Ordenará a retirada dos bordos instalados no solo de titularidade municipal destinado á ampliación de viario.
  - Requirirá ao interesado para que no prazo de 3 meses presente a comunicación previa para as obras de construción da soleira de formigón.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución do expediente, de conformidade coa delegación de competencias efectuada pola Alcaldía mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño.

**Segundo.-** Á parcela na que se executaron as obras está clasificada polo Plan Xeral como “*solo de núcleo rural común. Grao 2*” e, segundo establece a Disposición Transitoria 1ª, apdo. 1 c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) ao solo clasificado como “*núcleo rural*” polo planeamento aprobado definitivamente antes da entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, como é o caso do Concello de Porto do Son, “*aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás cales será de aplicación o previsto no art. 40 da presente lei*”.

**Terceiro.-** O art. 152.3 LSG establece que “*instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptarase algún dos seguintes acordos:*

- a) *Se as obras non foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a súa demolición a custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos a que deran lugar ou, no seu caso, á reconstrución do indebidamente demolido. Se os usos non foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordarase a cesación dos mesmos.*
- b) *Se as obras ou usos puideran ser legalizables por se compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fora outorgada ou non se presentase a comunicación previa. En caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras a costa do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que tivese dado lugar”.*

Visto canto antecede,

## RESOLVE

**PRIMEIRO.-** Ordenar a D. C\*\* a retirada dos bordos de formigón instalados no terreo de titularidade municipal para ampliación de viario existente diante da parcela situada no lugar de O Campo, 74 (Queiruga), coa referencia catastral 8153312MH9285S0001SG, por tratarse de obras incompatibles co ordenamento urbanístico.



O interesado disporá dun prazo dun (1) mes, a contar desde a notificación desta resolución, para proceder á reposición da legalidade urbanística cumprindo coa orde dada.

Advírtese expresamente ao obrigado de que, en caso de incumprimento da orde de cesación do uso se procederá á execución forzosa da resolución polo concello mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha, con arranxo ao disposto no art. 152.6 LSG. Todo iso sen prexuízo da imposición das sancións que procedan.

Todo o exposto entenderase sen prexuízo do inicio do correspondente procedemento sancionador por infracción á normativa urbanística.

**SEGUNDO.-** Requerir a D. C\*\* para a presentación dunha comunicación previa urbanística para a legalización das obras rematadas de construción dunha explanada de cemento na parcela situada no lugar de O Campo, 74 (Queiruga), coa referencia catastral 8153312MH9285S0001SG.

O interesado disporá dun prazo de 3 meses, a contar desde a notificación desta resolución, para presentar a comunicación previa urbanística, manténdose en tanto a suspensión das obras e usos.

En caso de que non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras a custa do interesado e impediranse definitivamente os usos a que desen lugar.

**TERCEIRO.-** Notificar este acordo aos interesados con expresión do réxime de recursos aplicable.”

## **4. EXPEDIENTES DA ÁREA ECONÓMICA.**

### **4.1) RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 31/2018.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

Vista providencia da Alcaldía do 29/08/2018 pola que se dispón o inicio do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 31/2018.

Vistas as memorias xustificativas elaboradas polas Concellerías Delegadas relativas aos gastos incluídos no expediente e o informe de Intervención do 29/08/2018.

Considerando o disposto no art. 184 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e no art. 60.2 do RD 500/1990, do 20 de abril, e tendo en conta que se trata de aprobar xustificantes de gasto correspondentes a servizos prestados efectivamente e en aplicación do principio que prohibe o enriquecemento inxusto.

### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar por recoñecemento extraxudicial os xustificantes de gasto que se indican, con imputación da autorización, disposición e liquidación do gasto ás aplicacións orzamentarias indicadas:



Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Economica
F/2018/2217	28/06/2018	2018/0001/014544	27/06/2018	1154,22	A17735135	CITYLIFT, S.A.	POLA REPARACIÓN REALIZADA Ó ASCENSOR DA CASA DO CONCELLO.	920	21300
F/2018/2491	09/07/2018	CD PDS2018- 155	30/06/2018	2721,79	G32115941	COGAMI CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	POLA XESTIÓN DO CENTRO DE DIA, MES XUÑO.	231	47200
F/2018/2588	24/07/2018	Emit- 31	24/07/2018	1818,32	B94119773	BONA FIDE LEMA, S. L. L.	ASISTENCIA TECNICA NA INSPECCIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL CONSTITUIDO NO SOLO, SUBS	932	22799
F/2018/2607	24/07/2018	01 102572	15/07/2018	281,41	A15149271	ABN PIPE ABASTECIMIENTOS, S.A.	POLO MATERIAL SUBMINISTRADO PARA REPARAR ROTURA DE AUGA NO SERVIZO MUNICIPAL, EN VALIANTES.	161	21300
F/2018/2615	26/07/2018	AV201810102766	15/07/2018	25,99	B15244619	NEUMATICOS TINO, S.L.	POLA REPARACIÓN REALIZADA Á MOTOBOMBA MUNICIPAL CA MATRICULA 4526CWN.	136	21400
F/2018/2617	26/07/2018	P 803924	25/07/2018	907,5	A15000391	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.	POLA PUBLICACIÓN DUN ANUNCIO NO XORNAL PROMOCIONANDO O CONCELLO.	920	22602
F/2018/2623	31/07/2018	P2018 078	31/07/2018	1210	B70248869	ORGANIZACION Y GESTION DE PROYECTOS Y OBRAS S.L.	POLA ASISTENCIA TECNICA, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO REALIZADO AS INSTALACIÓNS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE, MES XULLO	161	22799
F/2018/2624	31/07/2018	P2018 079	31/07/2018	907,5	B70248869	ORGANIZACION Y GESTION DE PROYECTOS Y OBRAS S.L.	POLA ASISTENCIA TECNICA, CONSERVACIÓN E MANTEMENTO REALIZADO AS INSTALACIÓN DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN, MES XULLO.	160	22799
F/2018/2625	31/07/2018	P2018 080	31/07/2018	101,64	B70248869	ORGANIZACION Y GESTION DE PROYECTOS Y OBRAS S.L.	POLO ANALISIS REALIZADOS Ó AUGA DA PISCINA MUNICIPAL, DUAS TOMAS, MES XULLO.	342	22799
F/2018/2626	31/07/2018	E18 59	17/07/2018	1087,92	B15292220	MIYARES ELECTRICIDAD, S.L.	POLOS AUMENTOS REALIZADOS NO ALUMEADO MUNICIPAL DE OUTEIRO- NOAL.	165	60300
F/2018/2627	31/07/2018	E18 61	31/07/2018	3883,59	B15292220	MIYARES ELECTRICIDAD, S.L.	POLO MANTEMENTO REALIZADO Ó ALUMEADO MUNICIPAL, MES XULLO.	165	22799
F/2018/2629	31/07/2018	P2018 081	31/07/2018	229,9	B70248869	ORGANIZACION Y GESTION DE PROYECTOS Y OBRAS S.L.	POLOS ANALISIS REALIZADOS Ó SERVIZO DE AUGA MUNICIPAL.	161	22799
F/2018/2630	31/07/2018	A 2018/A/226	31/07/2018	726	B36223600	TELEVISION DA MANCOMUNIDADE	POLA EMISIÓN DE CAMPAÑA DE PROMOCIÓN PUBLICITARIA DA FEIRA	920	22602





						DO SALNES SL	CELTA, DO 23 Ó 29 DE XULLO.		
F/2018/2632	31/07/2018	0 73	31/07/2018	3449,47	33215139B	JOSE MANUEL COUSO PEÑA	POLO TRABALLO REALIZADO PARA A CONSERVACIÓN DOS XARDINS MUNICIPAIS E POLO SUBMINISTRO DE PLANTAS, HERBICIDA, CASCARA DE	171	21000
F/2018/2633	01/08/2018	3343638982	01/08/2018	181,5	A50001726	SCHINDLER S. A.	POLO MANTEMENTO DO ASCENSOR DA PRAZA DE ABASTOS, MES AGOSTO.	4312	21300
F/2018/2637	01/08/2018	2018/0001/022403	01/08/2018	97,80 97,81 195,61	A17735135	CITYLIFT, S.A.	POLO MANTEMENTO REALIZADO OS ASCENSORES DA CASA DO CONCELLO E DO MUSEO MAREA, MES XULLO.	333 920	21300 21300
F/2018/2639	01/08/2018	8670000154	31/07/2018	8124,52	B70091749	SERVIZOS SOCIAIS ULLA-SAR, S.L.	POLO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PRESTADO A USUARIOS DO CONCELLO, DEPENDENCIA, MES XUÑO.	231	22799
F/2018/2640	01/08/2018	2018 303	01/08/2018	726	B70369756	EVENTOS INSUELA, S.L.	POLA PUBLICIDADE REALIZADA NO CANAL BARBANZA DA FEIRA CELTA 2018.	920	22602
F/2018/2642	02/08/2018	PLX 1963	31/07/2018	726	B15726177	TECNOLOGIAS PLEXUS, S. L.	POLO MANTEMENTO E ASISTENCIA TECNICA REALIZADA ÓS EQUIPOS INFORMATICOS DO CONCELLO, DO 26/06/18 Ó 25/07/18.	920	21600
F/2018/2643	02/08/2018	2018 Emit- 100	02/08/2018	396	B70398425	SON A TUA AXUDA, S.L.	POLO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PRESTADO A USUARIOS DO CONCELLO, PRESTACIÓN BASICA, MES XULLO.	231	22799
F/2018/2647	03/08/2018	0420200640	31/07/2018	484	A28281368	RADIO POPULAR, S.A.	POLA ENTREVISTA QUINCENAL REALIZADA Ó ALCALDE.	920	22602
F/2018/2649	03/08/2018	P18 007812	31/07/2018	847	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	POLA PUBLICACIÓN DUN ANUNCIO NO XORNAL, ANUNCIANDO A CELEBRACIÓN DO CONCURSO CANINO.	920	22602
F/2018/2650	03/08/2018	P18 007813	31/07/2018	2202,2	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	POLA PUBLICIDADE REALIZADA NO XORNAL, ANUNCIADO A CELEBRACIÓN DA FEIRA CELTA 2018.	920	22602
F/2018/2651	03/08/2018	P18 007811	31/07/2018	363	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	POLA PUBLICACIÓN DUN ANUNCIO NO XORNAL, ANUNCIANDO A CELEBRACIÓN DA FESTA HORTERA.	920	22602
F/2018/2652	03/08/2018	P18 000853	31/07/2018	242	A15000649	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	POLA PUBLICIDADE DO CONCELLO REALIZADA NO XORNAL DIXITAL, MES XULLO.	920	22602
F/2018/2654	03/08/2018	H 50	31/07/2018	11878,65	B70350111	SOOM MANAGEMENT, S.L.	POLO SERVIZOS PRESTADOS DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS, LIMPEZA E MANTEMENTO DA PISCINA MUNICIPAL, MES XULLO.	342	22799
F/2018/2655	03/08/2018	P18 001364	31/07/2018	217,8	B15054414	VOZ DE GALICIA RADIO, S. L. U.	POLA EMISIÓN DE CUÑAS PUBLICITARIAS ANUNCIANDO A	920	22602



							CELEBRACIÓN DA FEIRA CELTA 2018.		
F/2018/2656	03/08/2018	P 804123	31/07/2018	726	A15000391	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.	POLA PUBLICIDADE REALIZADA NO XORNAL ""EL CORREO GALLEGO"", ANUNCIANDO A CELEBRACIÓN DA FEIRA CELTA 2018.	920	22602
F/2018/2658	03/08/2018	P 804125	31/07/2018	907,5	A15000391	EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.	POLA PUBLICIDADE REALIZADA NO XORNAL ""EL CORREO GALLEGO"" DA FEIRA CELTA 2018.	920	22602
F/2018/2659	03/08/2018	2018 Emit- 104	03/08/2018	7638,5	B70398425	SON A TUA AXUDA, S.L.	POLO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PRESTADO A USUARIOS DO CONCELLO, DEPENDENCIA, MES XULLO.	231	22799
F/2018/2928	24/07/2018	69/18	13/07/2018	425,20	33262939V	M***	POLO SUBMINISTRO DO XORNAL ""EL CORREO GALLEGO"" PARA A CASA DO CONCELLO E A BIBLIOTECA MUNICIPAL DA VILA.	3321 920	22001 22001

**SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo á Intervención e Tesourería Municipais.”

#### **4.2) RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 32/2018.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

Vista providencia da Alcaldía do 30/08/2018 pola que se dispón o inicio do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito nº 32/2018.

Vistas as memorias xustificativas elaboradas polas Concellerías Delegadas relativas aos gastos incluídos no expediente e o informe de Intervención do 30/08/2018.

Considerando o disposto no art. 184 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais e no art. 60.2 do RD 500/1990, do 20 de abril, e tendo en conta que se trata de aprobar xustificantes de gasto correspondentes a servizos prestados efectivamente e en aplicación do principio que prohibe o enriquecemento inxusto.

#### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar por recoñecemento extraxudicial os xustificantes de gasto que se indican, con imputación da autorización, disposición e liquidación do gasto ás aplicacións orzamentarias indicadas:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Economica
F/2018/2930	31/07/2018	07 / 2018	31/07/2018	760	33229185G	J**	HONORARIOS POR IMPARTIR CLASES DE GAITA E PERCUSIÓN NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA, MES XULLO.	334	22799
F/2018/2933	02/08/2018	23	02/08/2018	131,62	52455240Z	E**	POLA LIMPEZA REALIZADA NA PRAZA DE ABASTOS, MES XULLO.	4312	22700
F/2018/2934	02/08/2018	25	02/08/2018	56,41	52455240Z	E**	POLA LIMPEZA REALIZADA NOS BAÑOS DO CEMITERIO, MES XULLO.	164	22700
F/2018/2935	02/08/2018	24	02/08/2018	75,21	52455240Z	E**	POLA LIMPEZA REALIZADA NA ESCOLA DE	330	22700



							DANZA MUNICIPAL, MES XULLO.		
F/2018/2936	03/08/2018	09/18	02/08/2018	984,89	33281538D	R**	POLO TRABALLO DE LIMPEZA VIARIA REALIZADO NAS RUAS DE PORTOSIN, MES XULLO.	163	22799
F/2018/2937	03/08/2018	7	31/07/2017	451,28	76509292E	M**	POLA LIMPEZA REALIZADA NA CASA DE CULTURA DE SAN PEDRO DE MURO, MES XULLO.	330	22700
F/2018/2938	06/08/2018	08/18	03/08/2018	482,03	78781643L	M***	POLO TRABALLO DE LIMPEZA E CONSERXERIA REALIZADO NA CASA DE CULTURA DE CAAMAÑO, MES XULLO.	330	22700
F/2018/2939	06/08/2018	10/18	03/08/2018	526,5	76966869Z	M***	POLA LIMPEZA REALIZADA NO CENTRO DE SAUDE DE PORTOSIN, MES XULLO.	312	22700
F/2018/2940	09/08/2018	7	09/08/2018	374,76	76509161Y	C**	POLO TRABALLO DE LIMPEZA E APERTURA REALIZADO NA CASA DE CULTURA DE RIBASIEIRA, MES XULLO.	330	22700
F/2018/2941	10/08/2018	89/18	30/07/2018	762,3	76513612H	A**	POLA LIMPEZA REALIZADA NA GARDERIA, MES XULLO.	323	22700
F/2018/2942	20/08/2018	7	20/08/2018	1139,64	53484862H	S**	POLO TRABALLO REALIZADO COMO CELADORA NO CENTRO DE SAUDE DA VILA, MES XULLO.	312	22799
F/2018/2947	03/08/2018	7 . 2018	03/08/2018	650,85	76778601R	S**	POLO TRABALLO REALIZADO DE CONSERXERIA, LIMPEZA E XARDIÑERIA NA CASA DE CULTURA DE MIÑORTOS, MES XULLO.	330	22700
F/2018/2964	24/08/2018	08/18	01/08/2018	466,53	52931926W	S**	POLO TRABALLO DE CONSERXERIA REALIZADO NA AXENCIA DE LECTURA DE SAN PEDRO DE MURO, MES XULLO.	3321	22799

**SEGUNDO.-** Dar conta do presente acordo á Intervención e Tesourería Municipais.”

## **5. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNS.**

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF), segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.



---

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **10:45 horas**, do día **31 de agosto de 2018**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

Asdo. José Manuel González García.